

## ACTA

En Arzúa, a 6 de xullo de 2018.

Sendo as **13.10 horas**, no Salón de Comisións da Casa do Concello, reúnen os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Técnico en turismo**, na modalidade de **funcionario interino**, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, **cunha xornada laboral de vintecinco horas semanais**, durante un período de tempo que comprenderá desde a data da toma de posesión da persoa que resulte proposta pola Comisión Seleccionadora e ata o día 31 de decembro de 2018; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por decreto do alcalde, ditado o día 25 de maio de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).

- Vogais:

- D<sup>a</sup>. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Boimorto*).

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*), que actuara con voz e voto.

(Non compareceron os vogais don Joaquim Vázquez Rodríguez *-Técnico de normalización lingüística do Concello de Melide-*, nin dona María Asunción Aller Conde *-Mestra-*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo **a realización do segundo exercicio** dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en responder a un suposto práctico, directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal, polo presidente e polo vogal da Comisión Seleccionadora, propúxose que dito exercicio tivese dúas partes diferenciadas:

\* Unha, que sería cualificada cun máximo de 5 puntos, a razón de 1 punto por cada resposta contestada correctamente, e que consistiría en marcar de xeito aproximado nun plano a situación duns puntos de interese dentro do núcleo urbano de Arzúa:

1. Centro de divulgación do queixo e do mel
2. Rúa Dores.
3. Pavillón de Santa María.
4. Rúa Fraga do Rei.
5. Praza de Galicia.

(De cuxo plano se achega unha fotocopia á presente acta, coa indicación no mesmo de cales serían as respostas correctas).

\* Outra, que sería cualificada tamén cun máximo de 15 puntos, a razón de 5 puntos por cada resposta contestada correctamente, e que consistiría en resolver as tres cuestións que deseguido se indican, referidas a unha situación de información a un peregrino:

1. *Información do máis salientable do patrimonio civil do municipio de Arzúa*
2. *Información detallada sobre a gastronomía da comarca de Arzúa*
3. *Indicar os eventos e festividades de certo interese na comarca de Arzúa.*

Despois procedeuse a chamar aos cinco aspirantes que compareceron a realizar este exercicio práctico, (María García Pérez, Raquel Sexto Rey, Paula Alonso Rodríguez, Cristina Vázquez Carril e Yolanda Seoane Veiga), que se encontraban no pasillo que hai fronte ao Salón de Comisións esperando a ser chamadas; as cales -cando entraron no Salón de Comisións- pasaron a ocupar o asento que había disponible para dito fin, xunto á mesa alí existente.

Comprobándose que non compareceu a aspirante Noemí Abajo Vega, que tamén estaba convocada para realizar este exercicio práctico, por superar o exercicio teórico realizado o día 29 de xuño.

Unha vez realizados os exercicios por parte das cinco aspirantes, dentro do prazo asignado para iso, de sesenta minutos, desde as **13.20** horas ata as **14.20** horas, o presidente da Comisión Seleccionadora comunicou as cinco aspirantes que dicidiran:

Primeiro.- Non facer uso da previsión contida na Base Décima, consistente en que cada aspirante procedese á lectura de cada exercicio práctico realizado, por canto que: por unha parte, esta previsión non é de carácter obrigatorio, e por outra, a única vogal da Comisión Seleccionadora, non podía esperar a que se realizase ese trámite porque tiña que ausenarse con anterioridade.

Segundo.- Que a corrección destes dous exercicios se realizase o vindeiro luns día 9 de xullo as 12 horas.

Polo que, nese momento, sendo as **14.20** horas douse por rematado este acto, quedando suspendido o trámite de corrección dos exercicios que realizaran as dúas aspirantes presentadas no día de hoxe.

---

Trascorridos os dous días inhábiles (sábado e domingo), habidos desde que se celebrou a sesión do día 6 de xullo (venres), para que os aspirantes interesados neste proceso de selección -que superaron o exercicio teórico- realizasen o exercicio de carácter práctico.

Reuniuse de novo, ás **12.00 horas** do día de hoxe (luns) 9 de xullo de 2018, a mesma Comisión Seleccionadora que se constituíra o día 6 de xullo, asistindo en consecuencia os seguintes membros:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).
- Vogais:
  - D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*Técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E iso, co obxecto de proceder a realizar a corrección dos cinco exercicios realizados o pasado día 6 de xullo polas cinco aspirantes que compareceron no Salón de Comisións do Concello en dito día, para a súa realización.

Traido á vista o expediente, onde se encontraban encadernados eses cinco exercicios, a Comisión Seleccionadora procedeu a súa corrección; outorgándose – por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Exercicio práctico		Total
	Primeira parte (ata 5 puntos)	Segunda parte (ata 15 puntos)	
María García Pérez	5	10,5 (3,5+3+4)	15,5
Raquel Sexto Rey	2	7,5 (2,5+2,5+2,5)	9,5
Paula Alonso Rodríguez	3	8 (2+2,5+3,5)	11
Cristina Vázquez Casal	3	6 (2+2+2)	9
Noemi Abajo Vega			NP
Yolanda Seoane Veiga	2	7,5 (3,5+2+2)	9,5

En consecuencia con canto quedou exposto, a Comisión Seleccionadora adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada unha das cinco aspirantes presentadas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, de que constaba a oposición convocada.

**Segundo.**- Facer saber as aspirantes Raquel Sexto Rey, Cristina Vázquez Casal e Yolanda Seoane Veiga que quedaban eliminadas deste proceso de selección a non acadar a puntuación mínima de 10 puntos necesaria para superar o exercicio práctico

**Terceiro.**- Facer saber as dúas aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado o día 6 de xullo, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente- estarían exentas de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada unha delas, por vir así previsto para tales casos na Base 10ª das que rixen o proceso de selección.

**Terceiro.**- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo

que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polas tres aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

Nº orde	Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico	Puntuación exercicio práctico	Putuación galego	Total
1	María García Pérez	20,5	15,5	2,5	38,5
2	Paula Alonso Rodríguez	15	11	2,5	28,5

**Cuarto.-** Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionaria interina, para desenvolver o posto de traballo de técnica en turismo, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser **María García Pérez**; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 2ª das que rixen o proceso de selección.

**Quinto.-** Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como técnico en turismo, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte aspirante, que tamén superou o segundo exercicio de carácter práctico

**Sexto.-** Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento das interesadas, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás **13.00** horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.